

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA
CORPORACION O DÍA 3/08/2018, EN PRIMEIRA
CONVOCATORIA.**

ASISTENTES

Concelleiros

Partido dos Socialistas Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG - PSOE)

José Marcote Suárez
Soledad Vilela Romero
Alexandre Domínguez Lado
María Rocío Mariño López

Concelleiros

Partido Popular (PP)

José Manuel Traba Fernández
Daniel Juan Benlloch Rivas
Santiago Insua Esmorís-Recamán
María del Rocío Marcote Canosa

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Xan Carlos Sar Oliveira
Teresa Fernández Martínez

Converxencia Galega

Juan Agustín García Pouso

Secretario

José Ramón Lema Fuentes

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación, se procede, borradores Actas das sesións anteriores.-
- 2º.-Aprobación, se procede, da Relación de postos de traballo desta Corporación.-
- 3º.-Aprobación, se procede, do Acordo Regulador das Condicións de Emprego do Persoal ao Servizo do Concello de Fisterra.-
- 4º.-Aprobación, se procede, do Convenio colectivo do persoal laboral ao Servizo do Concello de Fisterra.--
- 5º.- Mocións de grupos Políticos.-
- 6º.- Resolucións da Alcaldía, para coñecemento.-
- 7º.- Rogos e preguntas.-

Na Vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubiión sendo ás 21:15 horas, do día 3/08/2018, reúnense no Salón de Sesiões da Casa do Concello baixo a Presidencia de o Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebrar a Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación, coa seguinte:

1º.- Aprobación, se procede, borrador Acta da sesión anterior.

- Sometida a votación a do día 22 de Maio de 2018 é aprobada por unanimidade dos asistentes.

- Sometida a votación a do día 4 de Xuño de 2018 é aprobada por unanimidade dos asistentes, coa observación polo Sr. Traba Fernández do Grupo Popular no sentido de que no punto 3º sobre a aprobación de pregos das Casetas non se establece a forma de resolver a atención dos baños.-

Contesta o Sr. Alcalde, que os concesionarios nos novos pregos non se farán cargo deles, e estase estudando a posibilidade de xestionalos con Empresa externa ou directamente polo Concello mediante a instalación de máquina de moedas.

2º.-Aprobación, se procede, da Relación de postos de traballo desta Corporación.-

3º.- Aprobación, se procede, do Acordo Regulador das Condicións de Emprego do Persoal ao Servizo do Concello de Fisterra.-

4º.- Aprobación, se procede, do Convenio colectivo do persoal laboral ao Servizo do Concello de Fisterra.--

5º.- Mocións de grupos Políticos.-

MOCIÓN RELATIVA A MODIFICACION DA LEI DE PORTOS DE GALIZA

(Rexistro Xeral de Entrada número 2214 de 31 de xullo de 2018)

Dada conta do seu contido:

“Galiza conta cunha gran cantidade de portos e instalacións portuarias, e ten a densidade portuaria máis alta da península ibérica, que fan que o sector portuario galego sexa un sector estratéxico cun gran potencial e que ata agora, desde que en 1981 o Estatuto contemplara a competencia exclusiva no sector e deixando a un lado de maneira aberrante aos portos de interese xeral, non foi aproveitada.

A pesares destas características, o sistema portuario galego non foi regulado por unha lei específica ata que o ano pasado se aprobou a Lei 6/2017, de 12 de decembro, de portos de Galiza. Despois de terse feito agardar tantos anos, resultou decepcionante, pois non respondeu nin a expectativas nin as necesidades deste sector estratéxico, e ademais estase a demostrar prexudicial para o futuro do sector portuario galego.

Esta lei, destaca polo seu claro afán recadatorio e por terse realizado de costas ás entidades locais. Son moitos os concellos que na actualidade están a expresar o seu malestar polas abusivas tarifas que Portos de Galiza está a cobrar pola realización de actividades no espazo público portuario, que, ao cabo e na maioría dos casos é un espazo totalmente integrado no espazo urbano do Concello e son as propias entidades locais as que se encargan do mantemento do espazo, da recollida do lixo, etc. Neses espazos realízanse múltiples actividades plenamente inseridas na dinámica social local, como festas, eventos deportivos ou mercados que deben pagar unhas abusivas taxas a Portos de Galiza para poder realizarse.

A meirande parte delas realízanse en espazos urbanos que, a pesares de estar baixo a xestión de Portos de Galiza, nada teñen que ver coa actividade portuaria. Así, existen espazos como alamedas ou paseos plenamente integrados no entramado urbano local, e que, principalmente debido a recheos, forman parte de Portos de Galiza sen que exista unha razón obxectiva para que así sexa, xa que logo, consideremos que a titularidade destes espazos debería ser transferida aos concellos.

De cara a paliar a nula participación dos concellos nas decisións relativas ás materias que resulten de relevancia tanto para o concello como para Portos de Galiza, propoñemos a creación do Órgano de Coordinación Portuario Municipal, onde estarán representados tanto o goberno local como Portos de Galiza. Este órgano sería o encargado de articular as relacións entre a administración portuaria e as administracións municipais cuxos municipios dispoñan de porto, mediante a toma de decisións conxunta nas materias que resulten de relevancia para ambas administracións.

Por último a citada lei contempla un abusivo réxime de prohibicións e sancionador que cremos necesario modificar, en especial no referido ao baño e a pesca, actividades que deberían quedar eximidas destes citados réximes. Consideremos que a pesca deportiva debería quedar excluída da prohibición que rexe sobre o desenvolvemento de actividades marisqueiras e pesqueiras nas augas interiores do porto constitutivas da denominada “zona 1”.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

O Pleno do Concello insta á Xunta de Galiza a realizar as modificacións legislativas oportunas de xeito que:

1. As autorización para instalación de lecer e similares propostas polas entidades locais e entidades sen ánimo de lucro, non lles será de aplicación os artigos 59, 60, 61, 62, 63 e 64 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de portos de Galiza, de xeito que ditas entidades queden exentas do pago das taxas pola realización de actividades no denominado público portuario tanto a administracións locais como a entidades sen ánimo de lucro.

2. Se cree o Órgano de Coordinación Portuario Municipal como instrumento de participación institucional e social en materia de portos, onde estarán representados tanto o goberno local como Portos de Galiza.

3. Se leve a cabo un procedemento entre Concellos e Portos de Galiza - previa solicitude do concello interesado- co obxecto de transferir a titularidade aos Concellos dos espazos de dominio público portuario que estean integrados nos cascos urbanos das vilas e cidades e que non teñan uso portuario.

4. Se modifique o réxime sancionador contemplado na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galiza, de cara a reducir as abusivas sancións que esta contempla, e nomeadamente suprimir do réxime sancionador as actividades de bañarse ou mergullarse nas augas interiores do porto e pescar desde os peiraos ou con calquera tipo de arte nas dársenas e augas portuarias, cando iso non estea expresamente autorizado.

5. Se exclúa á pesca deportiva da prohibición que rexe sobre o desenvolvemento de actividades marisqueiras e pesqueiras nas augas interiores do porto constitutivas da denominada “zona I”.

INTERVENCIONS

Sr. Alcalde

A proposta fórmulase para tratar de que o Ente Público "Portos de Galicia" non cobre ningunha taxa que non sexa de carácter portuario sobre todo cando se trata de temas de competencia municipal, como pode ser o caso das Festas Populares, que sempre temos que limpiar nos a zona utilizada.-

Este tema é un sentir común de todos os municipios costeiros e existe unha comunicación coa Federación Galega de Municipaios e Provincias (FEGAMP) para falar con Portos de Galicia.

Hai necesidade de atender á problemática cos espazos afectados por Portos e que poidan ser desafectados mediante a formalización dun Convenio con dito Ente Público para o cal temos disposición.

Se temos a obriga de efectuar actividades deportivas, o feito de ter que pagar as taxas a outras Administracións por estes servizos municipais non a consideramos aceptable.-

Por iso enviouse oficio acompañado de planos a Portos de Galicia e estamos á espera de que tanto este Ente Público como a Federación Galega de Municipios nos conteste ao respecto.

Sr. Traba Fernández do Grupo Popular

Este tema xa foi planteado por este grupo fai anos ante a Autoridade Portuaria para formalizar un convenio na zona do porto coa fin de evitar as taxas ás terrazas e venda ambulante.

Nunca se nos contestou ao respecto e hai necesidade de modificar as taxas para poñer a Fisterra na tarifa B, xa que actualmente está na A ao igual que o Concello de Vilagarcía de Arousa; polo tanto Votaremos a favor, sempre e cando se retire da Moción o punto 4 porque consideramos lóxica a prohibición nestas zonas.

Sr. García Pouso de Convergencia Galega

É unha Moción que vén de arriba do partido, se ben considero que se se aproba, Fisterra veríase beneficiada polo que vouna aprobar aínda que non se concrete no punto 2 sobre a Composición do órgano de coordinación municipal, se ben se se aproba o resto sería estupendo.

Paréceme boa idea estar coa Federación Galega de Municipios e Provincias para tratar este tipo de temas.

Estamos ante unha realidade que hai que defender mirando sempre os intereses dos administrados.-

Unha vez excluído o punto 4º da Moción, **o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes acorda:**

A) Instar á Xunta de Galiza a realizar as modificacións legislativas oportunas de xeito que:

1. As autorización para instalación de lecer e similares propostas polas entidades locais e entidades sen ánimo de lucro, non lles será de aplicación os artigos 59, 60, 61, 62, 63 e 64 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de portos de Galiza, de xeito que ditas entidades queden exentas do pago das taxas pola realización de actividades no denominado público portuario tanto a administracións locais como a entidades sen ánimo de lucro.

2. Se cree o Órgano de Coordinación Portuario Municipal como instrumento de participación institucional e social en materia de portos, onde estarán representados tanto o goberno local como Portos de Galiza.

3. Se leve a cabo un procedemento entre Concellos e Portos de Galiza - previa solicitude do concello interesado- co obxecto de transferir a titularidade aos Concellos dos espazos de dominio público portuario que estean integrados nos cascos urbanos das vilas e cidades e que non teñan uso portuario.

4. Se exclúa á pesca deportiva da prohibición que rexe sobre o desenvolvemento de actividades marisqueiras e pesqueiras nas augas interiores do porto constitutivas da denominada “zona I”.

B) Remitir certificación deste acordo ó citado Organismo para o seu coñecemento e demais efectos.-

B) MOCIÓN PARA DECLARAR PERSOAS NON GRATAS AOS COMPOÑENTES DA “MANADA”

(Rexistro Xeral de Entrada numero 2215 de 31 de xullo de 2018)

Dada conta do seu contido:

“O pasado venres, 21 de xuño, a Audiencia Provincial de Iruña acordou pór en liberdade aos cinco agresores (violadores), autodenominados “A Manada”,

condenados por ter sometido a unha moza de 18 anos reiterados actos sexuais, por parte de todos eles, en contra da súa vontade e facendo uso da súa condición de superioridade: numérica, física e de idade, durante os Sanfermín de 2016.

Estes feitos foron cualificados xurídicamente como abusos sexuais por parte do mentado tribunal que lle levou a condenar a 9 anos de prisión aos acusados. Que vén de completarse coa decisión de non prorrogarlles a prisión preventiva ante a gravidade do sucedido, polo que dende o venres 22 de xuño están na rúa. O tribunal emprega argumentacións difíciles de entender por parte da sociedade en xeral como se ten demostrado na rúa, e polo movemento feminista, en concreto.

É coñecido e notorio que a Manada non ten amosado o máis mínimo arrepentimento pola súa aborrecida pero habitual práctica. De feito, os cinco teñen defendido públicamente o seu desprezo pola vítima e sitúan o acontecido nun plano de normalización, elevando o sucedido a consentimento, a pesar de que ninguén o entende.

E cómo reacciona o Tribunal? Acordando que os agresores deben manterse a 500 km de distancia da vítima. En definitiva, coa súa decisión, os maxistrados confinan á moza nunha suposta furna de cristal, e permite a libre deambulación dos condenados por todas partes do territorio que consideren. Nesta situación, cabería preguntarse, pois logo, quen é o condenado: a vítima ou os seus agresores?

Non está de máis lembrar que as Corporacións municipais son a expresión do mandato cidadá, e á marxe quedaríamos da sociedade se non recollemos o clamor da rúa, o pensar e sentir de miles de mulleres e homes, ante a inxusta resolución a esta situación tan grave, que vai contra a liberdade de máis do 50% da poboación deste Estado: as mulleres.

Non só apoiamos todas as mobilizacións convocadas; rubricamos todos os manifestos e colaboramos en todas as accións de rexeitamento que se teñan ou se vaian organizar, canalizando, a través dos instrumentos democráticos, ese clamor cidadá. Chegou o momento de dar un paso máis, e que sexan as Corporacións Locais as que, de motu propio, poñan o seu gran de area na denuncia desta inxustiza social e sumarse, por iniciativa propia, ao berro cidadá polo caso da Manada. É o momento de declarar persoas non gratas nos nosos concellos a :

- José Angel Prenda Martínez
- Alfonso Jesús Cabezuelo Entrena
- Jesús Escudero Domínguez
- Angel Boza Florido
- Antonio Manuel Guerrero Escudero

Para deixar claro o rexeitamento aos agresores en todo o país, porque a sociedade entende que si foi un feito moi grave. É necesario e urxente o entendemento da xustiza e a sociedade en temas tan sensíbeis; e con este feito, trasladamos a solidariedade e arroupo á vítima, para que non se sinta nin culpábel, nin sinalada nin condeada.

As agresións sexuais son a arma máis empregada para librar esta guerra contra as mulleres que, non era sen tempo, xa se vai facendo máis visíbel, e por fin deixou de

ocupar espazos de recheo para situarse nos titulares de apertura dos medios de comunicación. A loita feminista das últimas décadas foi vital para iso.

O caso da Manada é o cumio do iceberg e debemos aproveitalo para visibilizar os centros de casos anónimos que suceden ao noso arredor con moita máis frecuencia da que nós pensamos; e por parte de homes que non están enfermos. Que saiban todas as vítimas anónimas que estamos con elas e que non nos doen menos. E que todos e todas entendamos que o silencio nos condena.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

1. A declaración de persoas non gratas a:

**José Angel Prenda Martínez,
Alfonso Jesús Cabezuelo Entrena,
Jesús Escudero Domínguez,
Ángel Boza Florido,
Antonio Manuel Guerrero Escudero**

2. Dar traslado deste acordo plenario á representación legal dos cinco condenados a nove anos de prisión pola agresión sexual xulgada na Audiencia Provincial de Iruña.

3. Dar traslado deste acordo plenario á representación legal da vítima para que sexa coñecedora do apoio real que ten.

INTERVENCIONS

Sr. Alcalde

Estamos de acordo cos motivos da Moción e que sexan condenados, se ben neste caso os servizos xurídicos nos aconsellan absternos, pois aínda non existe unha sentenza firme, adoptar a aprobación deste acordo podería dar lugar a que se nos poidan pedir responsabilidades por declarar persoas non gratas e reclamar indemnizacións ao Concello.

Sr. Xan Carlos Sar Oliveira do Grupo BNG

Despois de asesorarnos nós tamén xurídicamente, o tema da competencia municipal, os concellos non teñen esa competencia, pero dicir que se trata dunha declaración simbólica, ao respecto dun tema de trascendencia pública, e na que nestes momentos existe unha enorme sensibilidade social e que desde o plano político é unha forma de responder a esa sensibilidade social e esta declaración non ten efectos xurídicos na práctica.

Moitos Concellos do país, apoiaron nos seus plenos esta declaración por unanimidade como A Coruña, Compostela, Ferrol ou Pontevedra. E que a pesar de que efectivamente non haxa esa competencia municipal, pois en principio

tampouco existiría esa competencia para facer declaracións de solidaridade con falecidos en acontecementos catastróficos por terremotos ou guerras

Sr. García Pouso do Grupo Convergencia Galega

Coincido co Sr. Alcalde de que podemos traer responsabilidades ao Concello, nos solidarizamos con esa rapaza e estamos de acordo co seu contido, se ben se din nomes de persoas que non sabemos quen son.

Apoiamos que non se produzan máis estes feitos e condenamos en todo momento a violencia machista.

Indica o Sr. Secretario que "ó non terme solicitado Informe, que me poidera permitir pronunciar xurídicamente sobre o tema, recoméndase deixar o asunto sobre a mesa".-

Despois destas consideracións, o Pleno por Dous votos a favor do grupo BNG, Catro abstencións do grupo PSdG-PSOE, non participando na votacións os Catro Concelleiros do Grupo Popular e o Sr. García Pouso de Convergencia Galega, acorda a aprobar a Moción en todo o seu contido.-.

Sendo ás 21:20 horas auséntase do Salón de Sesións por razóns de traballo a concelleira do Grupo Popular María del Rocío Marcote Canosa.

PROPOSTA GRUPO SOCIALISTA SOBRE AGRUPACION PARCELARIA DE MONTES EN EVITACION DE INCENDIOS FORESTAIS

Dada conta do seu contido :

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estamos a sufrir ano tras ano a terrible lacra dos incendios forestais, cos danos económicos e sobre todo medioambientais que eso leva consigo.

Debemos protexer as nosas masas forestais que conforman a nosa paisaxe característica, son parte fundamental da nosa grande riqueza ecolóxica, e constituen un apoio decisivo na economía do noso rural.

A Lei 12/2001 de 10 de setembro, de modificación da Lei de concentración parcelaria, no seu artigo 1, di que o obxecto da mesma é dispoñer a concentración e ordenación dos predios rústicos, coa fin de promover a constitución e o mantemento das explotacións cunhas dimensións suficientes e características axeitadas, tentando ampliar a súa superficie territorial, manter e incrementar a capacidade productiva do campo, ordenando axeitadamente as explotacións agrarias, respectando o medio ambiente, tentando reordenar racionalmente os cultivos baixo a perspectiva da utilidade económica e social, e tendo en conta o obxectivo de fixar a poboación no medio rural, con base en facer rendible a actividade productiva.

Debemos engadir aquí algo tan actual e necesario como facilitar, e incluso promover, o relevo xeneracional no rural.

O éxito destes obxectivos basease en tres pilares: o agro, o monte e a gandería. Podemos decir que no agro tense avanzado moito pero aínda queda traballo por facer, na gandería tamén se conseguiu acadar importantes explotacións aínda que con dificultades. Pero onde temos un gran problema é no monte, na xestión forestal. A xestión forestal é un complemento totalmente necesario para a supervivencia do rural.

Aínda que a Lei fala maioritariamente de terreos de cultivo agrarios, tamén está deseñada para os terreos forestais, así por exemplo no seu artigo 3 punto 1.a, ao establecer as obrigacións dos propietarios di : Manter ou conserva-la terra cultivada conforme a súa capacidade agrolóxica e aproveitamento axeitado dos seus recursos, en consonancia cos plans de aproveitamento de cultivos ou forestal recollidos no acordó de concentración.

No artigo 18 tamén di: 3. Cando a solicitude da concentración parcelaria inclúa, total ou parcialmente, terreos de uso forestal ou algún recurso natural que interese manter ou protexer, o servicio provincial correspondente requirirá informe, preceptivo e vinculante, do órgano competente en materia de montes, para os efectos de incluír ou non eses terreos no perímetro da zona que se vai concentrar.

O artigo 4 desta Lei, no seu punto 1 di: Nas zonas onde o fraccionamento da propiedade rústica e o minifundio agrario constitúan un problema social de carácter estrutural e se estableza a prioridade de actuación para garantir explotacións rendibles e cunha clara finalidade social, de estímulo para manter ou incrementa-la capacidade productiva, mediante un plan de desenvolvemento, e producir unha reordenación de cultivos e en xeral do territorio que permita manter unha actividade socioeconómica, levarase a cabo, logo do decreto acordado pola Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de agricultura, a concentración parcelaria por razón de utilidade pública e interese social, conforme o establecido nesta lei.

O que é totalmente coincidente coa situación actual do territorio forestal do noso concello.

O artigo 17 da Lei di: A consellería competente en materia de agricultura poderá así mesmo inicia-la concentración parcelaria de oficio, procurando a súa realización en zonas concretas do territorio da Comunidade Autónoma galega:

a) Cando a dispersión parcelaria e o minifundio agrario se presenten con acusados caracteres de gravidade nunha zona determinada, de tal xeito que a concentración se considere necesaria ou moi conveniente.

b) Cando a través da consellería a insten os concellos, que farán consta-las circunstancias de carácter social e económico que concorran en cada zona.

A Lei 4/ de 17 de xuño de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, incide na mesma liña que a anterior, pero actualizándoa e modernizándoa con novos conceptos totalmente necesarios, así na súa exposición de motivos di:

O concepto de reforma das estruturas agrarias, que historicamente se recolle na lexislación como un fin en si mesmo e como un conxunto de actuacións independentes do contorno económico e social, serviu para dotar de infraestruturas e, en certa medida, para facilitar a transformación do sector agrario español cara ao que hoxe é. Porén, trátase dun concepto claramente esgotado e que non responde

aos modelos de desenvolvemento rural vixentes en Europa, que pasan por concibir o medio rural como un todo no cal, sen dúbida, a actividade agraria debe ocupar un lugar principal, pero non único nin independente. O espazo rural enténdese, desde ese novo enfoque, como un conxunto de actividades relacionadas e equilibradas, no que as funcións produtivas deben convivir en harmonía coas de defensa do contorno, da paisaxe e do patrimonio cara a un obxectivo único: a mellora de calidade de vida da poboación no seu medio e, como corolarios, a loita contra o abandono, a mitigación dos efectos do cambio climático, a alimentación sa e de calidade, a fixación da poboación no territorio rural e a mellora dos servizos postos á súa disposición.

Noutra orde de cousas, a diferenza de situacións entre o campo galego dos anos 70 do pasado século e a actual resulta case abismal, pasando dunha gran cantidade de poboación dedicada á actividade agraria a unha perda de explotacións e traballo non absorbidas por outras actividades no rural e a unha drástica redución no número de persoas traballadoras e de explotacións, sen dúbida hoxe moito máis produtivas e profesionalizadas, pero que non foron quen de absorber o excedente de terras derivado da substitución da actividade agraria, asistíndose a un proceso de abandono de terras agrarias, moitas delas con enorme potencial produtivo.

A modificación da estrutura territorial é a resultante de todo o anterior, que se manifesta, entre outros trazos, pola mudanza da paisaxe antropoxénica tradicional e polo agravamento de fenómenos negativos como os lumes ou a transmisión de pragas. Galicia atópase, pois, diante dunha encrucillada, na que cómpre aplicar medidas políticas e lexislativas para combater os desequilibrios resultantes.

Da mesma forma, o Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio en Galicia, establece, no seu artigo 3.3.12, que a Xunta de Galicia e o conxunto de administracións públicas, no marco das súas competencias, desenvolverán accións destinadas a superar a elevada fragmentación da propiedade, a reducir e reverter o abandono das terras, a mellorar as condicións de desenvolvemento sustentable de actividades agrícolas, gandeiras e forestais e á mitigación e adaptación aos riscos ambientais, en especial aos incendios forestais, e tamén aquelas tendentes á mellora e protección ambiental e paisaxística. Así mesmo, as determinacións 3.3.1, 3.3.8 e 3.3.11 inciden na integración e coordinación territorial destas actuacións, na identificación e actuacións sobre as zonas de actividade agraria preferente e nas actuacións en materia de xestión de terras. Con estes obxectivos trátase de mellorar ou habilitar instrumentos en materia de xestión de terras ou reforma das estruturas que posibiliten a súa agrupación e xestión conxunta, como pode ser o Banco de Terras ou outros baseados no fomento da agrupación ou asociación de persoas propietarias particulares ou dos montes veciñais en man común para a constitución de mancomunidades.

Volta a falar a Lei de a quen corresponde a iniciativa, decindo no seu artigo 6: A consellaría competente en materia de desenvolvemento rural poderá levar a cabo o procedemento sinalado no artigo 7, como paso previo á determinación da idoneidade dunha zona para ser obxecto de calquera das actuacións de mellora da estrutura territorial recollidas no artigo 3, conforme as seguintes iniciativas:

1. No caso de actuacións de reestruturación parcelaria de carácter público, poderán ser sometidas ao procedemento de avaliación sinalado no artigo 7:

a) De oficio, por iniciativa da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural.

b) Mediante solicitude debidamente motivada do concello ou concellos en que se inclúa a zona para a que se propón a avaliación.

c) Por proposta, cando menos, do 70% das persoas titulares das explotacións agrarias inscritas nos diferentes rexistros oficiais que recollen as explotacións agrarias de Galicia e con actividade na zona para a cal se propón a avaliación.

No artigo 2 desta Lei encontramos os obxectivos xerais da mesma, que conforman precisamente a xustificación da necesidade do proceso de concentración parcelaria forestal no noso concello. Estes obxectivos son os seguintes:

a) Mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias en Galicia, de acordo con criterios de ordenación axeitada e sustentable delas e dos seus cultivos e aproveitamentos, calquera que sexan estes, baixo a perspectiva da súa utilidade económica e social, co fin de fixar a poboación no medio rural para facer rendible a actividade produtiva.

No noso caso falaremos de explotacións forestais que teñen, a día de hoxe, unha estrutura territorial que fai imposible a súa xestión axeitada. As explotacións forestais son un complemento totalmente necesario para a supervivencia da actividade agraria.

b) Establecer, para os predios que non formen parte de explotacións agrarias, medidas de agrupación, redimensionamento, mellora estrutural e de infraestruturas que faciliten a súa mobilización para uso agrario, entendendo por tal a loita contra o abandono, a formación de novas explotacións ou a incorporación ás xa existentes, prestando especial atención ao apoio á constitución de iniciativas asociativas para o aproveitamento en común, conforme o disposto no número 3.3.12.a) do Decreto 19/2001, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio.

d) Facilitar a adecuación territorial de áreas con elevados valores medioambientais ou paisaxísticos, ou ben coa presenza dalgún elevado risco ambiental, de tal maneira que se potencie a conservación e a permanencia dos ditos valores ou se reduza a potencial incidencia do risco, a través da reorganización espacial e funcional da estrutura territorial existente.

A zona forestal do noso concello conforma un importante valor paisaxístico do mesmo, o mantemento de tales espazos son vitales para a conservación do noso patrimonio natural, parte del incluído en Rede Natura 2000 e tamén en zona litoral.

e) Mitigar os efectos do cambio climático mediante o establecemento de medidas adecuadas e contribuír con actuacións de adaptación aos seus efectos.

Da xestión adecuada dos espazos forestais, depende en gran medida a conservación dos mesmos que son parte fundamental da loita contra o cambio climático

f) Incrementar a sustentabilidade, competitividade e desenvolvemento integral do territorio rural mediante actuacións intensivas.

Só coa restructuración territorial que leve consigo dispoñer de parcelas xestionables, se poden acadar este obxectivo. A situación actual da estrutura forestal do noso concello, é totalmente oposta a desexable neste senso.

g) Incrementar a superficie das explotacións mediante a mobilización de predios de vocación agraria incluídos en perímetros en estado de abandono.

Aquí poderíamos cambiar o concepto vocación agraria, por vocación forestal, donde a taxa de abandono é moi grande, dada a imposibilidade de xestión.

h) Apoiar as explotacións agrarias mediante a redución da tributación pola adquisición de explotacións agrarias e de elementos afectos e de predios rústicos.

A adquisición tanto podería ser de explotacións agrarias como de parcelas forestais xestionables, como complemento imprescindible para a viabilidade da vida no rural do noso concello.

Estes requisitos volven verse reflexados no artigo 7 da Lei, donde ademáis fai referencia á existencia de explotacións agrícolas, que no noso caso están indo a menos, pero precisamente a concentración parcelaria forestal axudaría a revertir esta situación.

Tamén se fai referencia ao interese dos propietarios, neste caso é precisamente unha demanda deles, xunto co convencemento do Concello da necesidade de restructuración da propiedade forestal.

A zona ten unha gran potencialidade tanto agraria como forestal, non desenvolvida por culpa, en grande medida, pola nefasta estrutura forestal.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo socialista do concello de Fisterra propón ao Pleno da Corporación, adoptar os seguintes

ACORDOS:

1. Solicitar á Consellería de Medio Rural, que se leve a cabo unha mellora da estrutura territorial nas zonas forestais do noso concello, mediante unha restructuración parcelaria de carácter público, tal como se contempla no punto a do artigo 3 da Lei 4/2015 de 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.
2. Facultar ao Sr. Alcalde para que suscriba os documentos e/ou resolucións precisos en orde á execución do anterior acordo.

Seguidamente o Pleno por unanimidade dos asistentes acorda prestarlle a súa aprobación.-

6º.- Resolucións da Alcaldía, para coñecemento.-

Dase conta das seguintes:

- Altas, Baixas e Cambios de Domicilio dentro do Padrón Municipal de Habitantes.
- Vacacións de Montserrat Outes Velay durante o período comprendido entre o 30 de xullo ao 14 de agosto, 20 ao 28 de decembro de 2018.
- Días de asuntos particulares en favor de Montserrat Outes Velay os días 24 e 25 de setembro.
- Autorización e adxudicación prestación do servizo de prevención de superficies forestais en favor de AGRO FORESTAL XALLAS S.L.U por importe de de 6.800,00 € e 1.428,00 en concepto de IVE.

- Aprobación de lista definitiva Técnicos de Información Turística:

ALIS-ANA LOPEZ GOMEZ
MARIA SELENE TRILLO DIAZ
LUCIA DOMINGUEZ OUTES
ANDRES RODRIGUEZ VILAR
VANESSA PENA BRANTUAS

- Bases proceso selectivo de persoal para limpeza de praias.
- Resolución de recurso de revisión en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.
- Aprobación Gasto Programa “Respira” en favor da empresa SENES CIT S.L polo importe total de 8.920,00 € máis IVE .-
- Vacacións de Violeta Traba Castreje durante o período comprendido entre o 13 ao 27 de xuño, 30 de agosto ao 19 de setembro (ambos incluídos).
- Vacacións en favor de Milagros Canosa Santamaría durante o período comprendido entre o 24 de xullo ao 24 de agosto (ambos incluídos).
- Vacacións e compensación de días festivos en favor de José Antonio Gándara Lema, durante o período comprendido entre o 15 de outubro ata o 18 de decembro (ambos incluídos).
- Vacacións en favor de Pilar Formoso Martínez durante o período comprendido entre o 12 de setembro ata o 11 de outubro de 2018 (ambos incluídos).
- Resolución de inicio de procedemento sancionador de tráfico.
- Vacacións en favor de Jacobo Carlos Mariño Campos durante o período comprendido entre o 18 ao 30 de xuño e 1 ao 25 de setembro (ambos incluídos).
- Aprobación de Bases de Contratación Técnico Museo de Pesca.
- Contratación de Lucinda Espasandín Martínez ante a substitución de Violeta Traba Castreje como Auxiliar de Axuda no Fogar durante o período comprendido entre o 13 ao 27 de xuño.
- Vacacións en favor de M^a Teresa Dourado Martínez durante o período comprendido entre o 9 ao 24 de xullo de 2018 (ambos incluídos).
- Vacacións en favor de Miguel Angel Olveira Traba durante o período comprendido entre o 14 ao 18 de xuño (ambos incluídos).
- Concesión de días por asuntos particulares en favor de María José Traba Traba os días 21 e 22 de xuño.
- Contratación de peóns RISGA durante o período comprendido entre o día 15 de xuño de 2018 ata o 14 de xaneiro de 2019.

FERNANDO PEREZ RIVAS
ISABEL GÓÑEZ MARTINEZ

- Aprobación de listado provisional admitidos/as e excluídos/as limpeza de praias.
- Adxudicación servizos festival Blues 2018 a favor de NORDESÍA PRODUCCIONES S.L polo importe total de 15.000 € e un Imposto sobre o Valor Engadido 3.150 €.
- Nomeamento de Alis Ana Gómez como Técnica de Turismo.
- Vacacións en favor de Vanessa Brantuas Pena durante o período comprendido entre o 6 ao 14 de setembro de 2018 como Técnica de Turismo.
- Vacacións e días de hospitalización en favor de Pilar García Trillo: 19, 20, 21, 22 e 25 de xuño por hospitalización de familiar, 26 de xuño ao 11 de xullo en concepto de vacacións.
- Aprobación de Lista provisional admitidos/as excluídos/as cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais.
- Persoarse no procedemento xudicial PO4050/2018 como parte demandada a través do Servizo de Asistencia Xurídica a Municipios da Excma. Deputación Provincial.
- Listado definitivo de admitidos / excluídos limpeza de praias.
- Contratación con carácter temporal na modalidade de “Temporal de Traballos de Interese Social” para prestación do servizo de peón durante o período comprendido entre o día 21 de xuño de 2018 ata o 20 de marzo de 2019 en favor de:

OSCAR LIÑEIRO IGLESIAS
CARLOS CASAIS TRILLO

- Concesión de vacacións en favor de Amable Canosa Martínez durante o período comprendido entre o 16 de xullo ao 21 de agosto de 2018 (ambos incluídos).
- Concesión de vacacións en favor de Montserrat Outes Velay durante o período comprendido durante os días 26, 27 de xullo, 30/07 ao 14/08, 20 ao 28 de decembro todos incluídos.
- Concesión de vacacións a favor de Pamela Caamaño Carril durante o período 28 de xuño ao 11 de xullo, 10 ao 26 de setembro (ambos incluídos).
- Lista provisional admitidos/as e excluídos/as técnico Museo de Pesca.
- Contratación de Ana Isabel Suárez Buján como “Auxiliar Domiciliaria” ante a substitución de María Trillo Domínguez durante o período de baixa desta.
- Concesión de vacacións en favor de Begoña Valdomar Insua durante o período comprendido entre o 2 ao 24 de xullo de 2018 (ambos incluídos).

- Vacacións a favor de Silvia M^a Sar Insua durante o período: 2 ao 13 de xullo, 20 ao 31 de agosto, 13 e 14 de setembro.

- Días de asuntos particulares a favor de Miguel Angel Olveira Traba durante os días 29 de xuño e 2 de xullo de 2018 por asuntos particulares.

- Contratación con carácter eventual durante o período comprendido entre o día 28 de xuño ao 11 de xullo de 2018 como “Auxiliar de Axuda no Fogar” a favor de Lucía Espasandín Martínez ante a substitución de Pamela Caamaño Carril.

- Contratación socorristas de praia durante o período 1 de xullo ao 31 de agosto de 2018 de:

CAYETANO SILVA DOMINGUEZ

ISMAEL INSUA DOMINGUEZ

- Contratación peóns de praia durante o período comprendido entre o día 1 de xullo ao 30 de setembro de 2018.

- Lista definitiva admitidos/as e excluídos/as técnico de museo de pesca.

- Delegación especial en favor de José Manuel Traba Fernández para celebración de matrimonio civil entre Beatriz Buiturón Estévez e Juan José Martínez Coa o día 21 de xullo ás 19.00 horas.

- Contratación de catro peóns durante o período comprendido entre o día 5 de xullo ao 19 de decembro de 2018.

- Contratación con carácter eventual de dous oficiais de 2^a durante o período comprendido entre o día 5 de xullo ao 19 de decembro de 2018.

- Concesión de axuda económica a favor de J. A. M. I. por importe de Trescentos Euros (300,00 €).

- Concesión de axuda económica a favor de M. C. F. O. por importe de Douscentos Cincuenta Euros (250,00 €).

- Contratación de Pedro Santiago Díaz Domínguez como oficial de 2^a ante a renuncia efectuada por Hector Lires Lema.

- Nomeamento de Vanesa Pena Brantuas como Técnica de Turismo durante o período comprendido entre o 15 de xuño ao 14 de setembro.

- Concesión de vacacións a favor de M^a José Traba Traba como Educadora Familiar durante o período comprendido entre o 1 ao 14 de agosto e 31 de agosto ao 11 de setembro.

- Concesión de vacacións a favor de Lourdes Domínguez Lago como Auxiliar de Axuda no Fogar durante o período comprendido entre o 16 ao 31 de xullo, 20 de agosto ao 3 de setembro.

- Concesión de vacacións a favor de M^a Dolores Martínez Pérez como Auxiliar de Axuda no Fogar durante o período comprendido entre o 1 ao 16 de agosto.
- Concesión de vacacións a favor de Noelia Castreje Canosa durante o período comprendido entre o 30 de xullo ao 24 de agosto (incluídos).
- Concesión de vacacións a favor de Carlos Casais Trillo durante o período comprendido entre o 10 ao 17 de agosto de 2018.
- Contratación de Lucinda Espasandín Martínez como Auxiliar de Axuda no Fogar durante o período comprendido entre o 16 ao 31 de xullo ante a substitución da traballadora Lourdes Domínguez Lago.
- Concesión de axuda económica a favor de C. L. C. por importe de Cento Dez Euros (110,00 €).
- Concesión de días por falecemento de familiar en favor de Pilar García Trillo durante os días 16, 17 e 18 de xullo de 2018.
- Concesión de vacacións a favor de José Manuel Marcote Senlle durante o período comprendido entre o 30 de xullo ao 31 de agosto de 2018 (ambos incluídos).
- Concesión dos días 17 ao 22 de xullo en favor de Violeta Traba Castreje por asuntos particulares.
- Concesión de vacacións en favor de Carmen Fábregas Lorenzo durante o período comprendido entre o 23 de xullo ao 23 de agosto.
- Concesión de vacacións en favor de Osvaldo Santos Lobelos durante o período comprendido entre o 30 de xullo ao 10 de agosto.
- Concesión de vacacións en favor de Juan Carlos Lagoa López durante o período comprendido entre o 1 de agosto ao 6 de setembro de 2018.
- Concesión de vacacións en favor de M^a Cristina Canosa Insua durante os períodos comprendidos entre: 8 ao 14 de agosto, 4 ao 6 de setembro.
- Concesión de vacacións en favor de Amable Fernández López durante o período comprendido entre o 3 ao 9 de agosto.
- Nomeamento de M^a Selene Trillo Díaz como técnica de turismo Museo de Pesca durante o período comprendido entre o 9 de xullo ata o 8 de decembro.
- Vacacións en favor de Gonzalo Insua Insua durante os días 30 e 31 de xullo.
- Contratación a favor de M^a Francisca Cascallar Mouzo ante a renuncia presentada por Gonzalo Insua Insua durante o período comprendido entre o día 1 de agosto ao 19 de decembro.

O Pleno dáse por enteirado

7º.- Rogos e preguntas.-

Sr. Traba Fernández do Grupo Popular

Desexaría saber o motivo do conflito de intereses sobre o tren turístico por parte da Sra. Soledad Vilela.

Sra. Soledad Vilela do Grupo PSdG-PSOE

A única razón deste conflito de intereses é que o meu xenro é taxista neste Municipio e non estou de acordo coa licenza de aproveitamento concedida á Empresa promotora.

¿Cando se comeza a executar a obra da Rúa Laranxos?

Sr. Alcalde

Tan pronto estea en funcionamento o sistema de contratación electrónica á que obriga a Deputación ó estar a Obra dentro dos Plans Provinciais 2018.-

¿Cando se vai executar a obra de Pavimentación da Costa de Marcos?

Sr. Alcalde

- Non nos concederon a subvención para financeira.-

Existe unha zona no Tanatorio que está sen reparar onde había unha avaría da rede de augas.-

Sr. Alcalde

- Vaise tapar porque xa está arranxada na súa totalidade.

¿Cantos socorristas hai destinados para salvamento nas praias?

Sr. Alcalde

- Dous, xa que non había máis na oferta que nos mandou a Oficina de Emprego.

E non tendo máis asuntos de que tratar o **Alcalde-Presidente** remata a sesión, ás **21:48** horas do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.